



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA UNIDADE TEMPORAL DE PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PILOTO DE MATADOIRO MÓBIL**

En Galicia existen un gran número de pequenas explotacións gandeiras con sistemas de crianza tradicional e extensiva que xeran produtos dunha enorme calidade, moitas delas ás veces de escasa rendibilidade, e que están en zonas de montaña e afastadas dos grandes núcleos de poboación, preto dos cales se asentan na maioría das ocasións os matadoiros e industrias cárnicas. Neste sentido, unha das demandas do sector gandeiro é a de reducir na medida do posible os custos de desprazamento aos matadoiros, para deste xeito incrementar a rendibilidade na comercialización dos seus produtos.

Por outra banda, diversos estudos sinalan que a redución dos tempos de transporte dos animais diminúe de xeito significativo o seu estrés, o que redonda na mellora considerable do seu benestar e na obtención de canais de maior calidade. Ademais, unha das prioridades da Xunta de Galicia é a de dinamizar o medio rural, co obxecto de manter o asentamento de poboación neste medio, para o que se precisa tentar achegar os diferentes servizos ás zonas máis afastadas.

Neste contexto, a Consellería do Medio Rural, no marco das súas competencias de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control das producións gandeiras, e co obxecto de atender estas demandas e necesidades, decidiu desenvolver un proxecto piloto consistente no establecemento dun servizo de matadoiro móbil.



Para desenvolver este servizo a Consellería de Medio Rural adquiriu unha unidade móbil de sacrificio, que se desprazará ata as explotacións que demanden o servizo, ou o máis preto posible delas, en rutas deseñadas en función dos avisos que realicen as persoas produtoras.

Ao tempo, estableceuse unha plataforma base localizada no Concello de Chantada, onde terá o punto de orixe e retorno o servizo, e dende a que se xestionará e centralizará este, e que conta con zonas de servizos administrativos e para os operarios, así como coas instalacións necesarias para o almacenamento de canais, a xestión dos residuos ou o depósito da unidade móbil e os vehículos que complementan o servizo.

Segundo o establecido na normativa de controis oficiais, o Regulamento (UE) 2017/625, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios (Regulamento sobre controis oficias), os controis oficiais para comprobar o cumprimento da normativa en relación cos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, e en concreto os referentes á produción de carne (inspección ante mortem, inspección post mortem, e restantes controis oficiais que se efectúan nos matadoiros: hixiene da produción de carne, presenza de residuos, auditorías de boas prácticas de hixiene e de APPCC, ensaios de laboratorio, manipulación e eliminación de subprodutos animais e material especificado de risco, saúde e benestar dos animais) deben ser realizados por un veterinario oficial ou, no seu caso, baixo a supervisión dun veterinario oficial. Segundo o establecido no Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 208, do xoves, 31 de outubro de 2019) a





Dirección Xeral de Saúde Pública desta Consellería é o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública, actuando como autoridade competente en materia de saúde pública.

A través do Servizo de Seguridade Alimentaria, adscrito á Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde, é responsable da planificación, programación, seguimento e avaliación das actividades de control oficial no marco da protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos, así como da coordinación técnica da actividade inspectora en materia de seguridade alimentaria. Pola súa banda, e no marco destas competencias, a inspección oficial nos matadoiros é realizada polos servizos veterinarios oficiais de Saúde Pública de Matadoiro.

Deste xeito, para realizar o control oficial no matadoiro móbil, resulta necesario dotar a esta unidades de persoal inspector de Saúde Pública de Matadoiro, que en todo caso, estaría baixo a dependencia da Consellería de Sanidade.

A estes efectos, e tendo en conta que a Consellería de Sanidade non ten a posibilidade de dotar deste persoal para realizar a inspección oficial no matadoiro móbil a través dos postos dispoñibles na Relación de Postos de Traballo, requírese a constitución dunha unidade temporal de persoal formada por dúas persoas veterinarias, coa preparación axeitada, que realice este servizo.

Tendo en conta que o servizo a prestar constitúe un proxecto piloto, do que será necesario avaliar o seu funcionamento, e no seu futuro a súa continuidade, a unidade temporal de persoal mencionada deberá ter unha vixencia temporal coincidente cos deste proxecto, sendo a previsión deste de 30 meses, entre o 1 de xullo de 2023 e o 31





de decembro de 2025.

**POSTOS A CREAR:**

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL	SUBGRUPO	CORPO/ESCALA	ADSCR. ADM. P-
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	SA.UAT.20.005.27160.005	INSPECTOR/A VETERINARIO/A MATADOIRO	24	A1	ESV	AXG
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	SA.UAT.20.005.27160.010	INSPECTOR/A VETERINARIO/A MATADOIRO	24	A1	ESV	AXG

A incorporación destes efectivos producirase mediante a súa publicación en comisión de servizo, e no caso de non cubrirse, procederase ao chamamento de persoal funcionario interino procedente das listas de contratación temporal da Xunta de Galicia reguladas polo Decreto 37/2006, de 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desenvolvemento con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación de persoal laboral da Xunta de Galicia modificado polo Decreto 60/2019, de 23 de maio.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

